

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24/10/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Soledad Vilela Romero
Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.
- 3º.- Expediente Contratación Obra " Pavimentacion Rúa Mar de Fóra ".
- 4º.- Asuntos varios.

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **24/10/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 10 de Outubro de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico desta Corporación de data 17 de Setembro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto Básico e de Execución redactado polos Arquitectos Xan Casabella López e Xosé Díaz Vieites, visado o día 1 de Agosto de 2019 resultante da Licenza urbanística concedida por esta Xunta na sesión do día 9 de Maio de 2019 en favor do promotor JOSÉ FRANCISCO NEMIÑA BOULLOSA, veciño de Fisterra, para proceder á Construción dun Muro de Contención a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 8103612MH7580S) debendo axustarse integramente ó mesmo, así como a todas as demais condicións reseñadas na citada licenza .-

2) Notificar este acordo o promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

A LETICIA MESÍAS SENLLE, veciña de Fisterra para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa e Planta Primeira con piscina exterior e conexións coa rede de saneamento e abastecemento de auga pública a emprazar nas Parcelas con Referencias Catastrais 15038A50200440000DX, 15038A502020840000DT e 15038A502004410000DI, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e de Execución e documentación visados con data 31 de Xullo de 2019 e 17 de Outubro de 2019 respectivamente redactados polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés que constan no expediente; condicionada a que :

- Cesión obrigatoria de terreos mediante documento público nunha superficie de 158,00 m2 para regularización da vía a que da fronte a parcela.

- Antes do comezo das obras deberá formalizarse a oportuna Acta de Replanteo para a sinalización das alineacións e rasantes, previa comunicación o Departamento de Urbanismo desta Corporación.-

- Co fin de garantir a reposición do firme da calzada para a conexión coa rede de Abastecemento público deberase formalizar en favor deste Concello a oportuna Garantía provisional en Aval Bancario, metálico ou calquera das formas establecidas na normativa legal por un importe de Mil euros (1.000€).

- Conectaranse pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.

- As obras de acometida á rede xeral do servizo municipal de Abastecemento de Auga, teranse que executar coas seguintes condicións:

- a. Debera informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producira o entronque coa rede de abastecemento.

b. A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmosferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncoconico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión as redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

• As obras de Acometida á rede xeral do servizo municipal de Saneamento que deberá executarse coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer parelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicarse coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pe da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- EXPEDIENTE: 2019/U022/000008
- CONCESIÓN DA LICENZA: 24 de Outubro de 2019
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRT)
- PROMOTOR: Leticia Mesías Senlle
- CONSTRUTOR: -----
- DIRECTOR DE OBRA: Xoán B. Alborés Tajés.- Arquitecto
- DIRECTOR DE EXECUCION MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B + 1
- USOS: Vivenda unifamiliar
- PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN: Tres anos

O cartel será un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de PATRICIA DOMÍNGUEZ CAAMAÑO, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.656 de 15/10/2019) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun muro de bloques nunha lonxitude de 18 metros e 1,00 metro de altura polo fronte da finca e de 3 metros no lateral esquerdo con bloques e malla metálica nunha finca (Referencia Catastral 7915793MH7571N0000AJ), condicionada a:

-Antes do inicio da obra deberá solicitar no Departamento de Urbanismo desta Corporación que se fixe sobre a parcela a alinación e o retranqueo do peche con respecto ó vial público.

-O muro de bloques de 1 metro autorizado deberá encalarse, enlucirse ou pintarse en tons claros.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 23 de Outubro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-Vista a Comunicación Previa presentada por parte de RAMONA LIÑEIRO DOMÍNGUEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 2.499 de 1/10/2019) para proceder á realización de obras consistentes na reparación e pintado exterior da fachada lateral Norte en cor gris claro dunha vivenda (Referencia Catastral 8803309MH7580S0001AD),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 16 de Outubro de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) SEGREGACIÓN DE PARCELAS

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda que:

1) Vista a petición formulada por parte de HERMOSINDA ESTÉVEZ TRABA, veciña de Fisterra, Licenza para proceder á parcelación urbanística da finca número 442 de Concentración Parcelaria cunha superficie total de 2.660 m2 (Referencia Catastral 15038A502004420000DJ) nas seguintes:

Parcela	Superficie Bruta m2	Superficie Neta en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural m2.	Superficie de Cesión m2
442-1	870,00	831	39
442-2	888	849	39
442-3	902	863	39

Dita Licenza queda condicionada á Cesión gratuita da superficie total da parcela arriba indicada en favor do Concello mediante a formalización en documento público dentro do prazo máximo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo.

Deberá axustarse na súa totalidade o Proxecto de Parcelación redactado a tal efecto polo Enxeñeiro Técnico Javier Túñez Fernández de data 22 de Outubro de 2019 que consta no expediente.

Así mesmo deberá ingresar en arcas municipais a cantidade de Cento oitenta euros (180,00 €) en concepto de taxas das parcelas resultantes.

Este acordo adoptase sen a presenza do Sr. Alcalde polo seu parentesco coa promotora.-

2º.- Notificar este acordo a promotora para o seu coñecemento e demais efectos.

3º.- Expediente Contratación Obra "Pavimentación Rúa Mar de Fóra".

POS+ 2019 EXCMA DIPUTACIÓN PROVINCIAL

Vista a Circular sobre a aprobación da Primeira Fase do Plan Provincial de Cooperación as Obras e Servizos de competencia Municipal (Plan Único de Concellos) Adicional 1/2019 e Resolución da Presidencia da Excma Diputación de data 17 de Outubro de 2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1.-Iniciar expediente mediante procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios con aplicación de xuízos de valor e de adxudicación automática para a contratación da Obra denominada "Pavimentación na rúa Mar de Fóra (cara ao Sur) - Fisterra" cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Noventa e oito mil douscentos oitenta e tres euros con noventa e dous centimos (98.283,92 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó modelo de prego de Cláusulas administrativas aprobado no seu día polo citado Organismo Provincial xunto cos Criterios de adxudicación que constan no expediente.-

2.- Publíquese Anuncio da licitación electrónica dentro da Plataforma de Contratación del Estado (<https://contrataciondelestado.es>) para que por parte dos interesados poidan presentar única e exclusivamente de forma electrónica a través da mesma, a documentación prevista no citado Pregon en base o cadro de características e valoracións do mesmo que consta no expediente dentro do prazo de Vinte días naturais (20) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación na citada Plataforma.-

3.- De conformidade co previsto no Artigo 15.1 do Prego de Cláusulas Administrativas determinar que a Mesa de Contratación que procederá a avaliar as proposicións dos licitadores que poidan presentarse e formular proposta de adxudicación ante o órgano de contratación, estará integrada por:

Presidente

José Marcote Suárez.- Alcalde

Vogais

Alexandre Domínguez Lado

Secretario Interventor da Corporación.-

Arquitecto/a Departamento Urbanismo

Secretario

José Marcote López.- Funcionario da Corporación

4º.- Asuntos varios.

SUBVENCIÓN TÉCNICO DE EMPREGO

Á vista da Orde do 18 de Setembro de 2019 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2019 publicada no Diario Oficial de Galicia 188 do 3 de Outubro de 2019 por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar a Memoria redactada para o Plan de Acción de Emprego que desenvolverá o Axente Local nesta materia dentro desta Corporación e comprensiva dos aspectos contidos no artigo 6º - 4 b) da citada Orde cun custo anual de prórroga en contratación que ascende a cantidade de Trinta e cinco mil oitocentos vinte e un euros con sesenta e oito céntimos (35.821,68 €) en concepto de Salarios e cotizacións empresariais á Seguridade Social.-

2º.- Solicitar á citada Consellería unha Subvención por importe total de Oito mil novecentos cincuenta e cinco euros con corenta e dous centimos (8.955,42 €) para dita finalidade equivalente ó 25 % do presuposto total da súa contratación.-

3º.- Compromiso firme de aportación municipal da cantidade de Vinte e seis mil oitocentos sesenta e seis euros con vinte e seis céntimos (26.866,26 €) con cargo ó Presuposto Ordinario de 2019 onde existe consignación para dita finalidade.-

4º.- Facultar ó Alcalde para que no nome e representación deste Concello proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

AXUDAS ECONOMICAS

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **S. D. D.**, veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **L. G. M. S.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cen euros (100 €) para gastos de desprazamento as Unidades Asistenciais de Tratamento en A Coruña e Carballo os días 25 de Outubro e 22 de Novembro de 2019, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

Dito acordo adoptase sen a presenza do Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira, polo seu parentesco co solicitante.-

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

A) Unha vez examinado o Convenio e tendo en conta que:

I.- SOLPOR está desenvolvendo o Proxecto "**UN MAR DE GRACIAS.CAMINO DE SANTIAGO A FISTERRA-MUXIA**" dentro do Marco da Convocatoria de Subvencións para Proxectos de Dinamización do Xacobeo 2021 "O Teu Xacobeo" e consistente nun gran evento a realizar en Santiago de Compostela o próximo venres 25 de Outubro de 2019 a partires das 19:30 horas no Hostal dos Reis Católicos.

II.- O Obxectivo deste evento e poñer en valor o Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía, os territorios polos que pasa e as empresas cuxa actividade se beneficia directa ou indirectamente do fluxo turístico ou de peregrinos deste Camiño.-

III.- O Evento centrarase en dar visibilidade o Camiño a Fisterra-Muxía no punto de orixe do mesmo, Santiago de Compostela, polo que se convocara a aqueles profesionais relacionados co sector turístico, que exercen de embaixadores, prescriptores e recomendadores do Destino e do Camiño a Fisterra-Muxía. Polo tanto o evento concíbese como un homenaxe o sector turístico de Santiago de Compostela e como un modo de afianzar os vínculos comerciais entre a Capital de Galicia e as poboacións polas que discorre o Camiño.

IV.- UN MAR DE GRACIAS constará de:

1. Pequeno workshop onde prescritores e recomendadores, axencias de viaxe, touroperadores, etc, poderán coñecer a actualizada, novedosa e diversa oferta turística, hosteleira e de servizos que ofrece o Camiño a Fisterra-Muxía.-
2. Arco institucional, onde se contará coa presenza de autoridades e responsables de turismo autonómico.
3. Degustación de produtos do Camiño, amenización musical e sorteo de premios entre asistentes co obxectivo da promoción turística.-

A Xunta de Goberno local por unanimidades dos asistentes acorda:

a) Formalizar Convenio de Colaboración coa Asociación Camiño do Solpor baixo as seguintes:

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- O Obxecto do presente Convenio e establecer as condicións de colaboración do Concello de Fisterra co SOLPOR. O acordo terá vixencia ata o completo desenvolvemento do evento.-

SEGUNDA.- O Concello de Fisterra comprometese a :

- 1.- Colaborar economicamente cunha aportación de **Mil cincocentos euros (1.500 €) para a adecuada organización e desenvolvemento do evento.**
- 2.- Ceder o uso do seu logotipo para a súa utilización a efectos promocionais e de visibilización do evento.-

TERCEIRA.- SOLPOR comprometese a:

- 1.- A Xestión responsable e profesional da aportación económica proporcionada polo Concello, habendo de informar a dirección de calquer incidencia que ocorra ou teña ocorrido durante o evento.-
- 2.- Facer constar a colaboración do Concello de Fisterra no evento a celebrar.-
- 3.- Facilitar un espazo físico nas instalacións onde se vai a desenvolver o evento, que sirva de espazo promocional do Concello de Fisterra.-

CUARTA.- Ambas partes non asumen ningún outro compromiso aparte dos recollidos no presente acordo.-

QUINTA.- As controversias derivadas da execución ou interpretación deste documento solucionaranse de común acordo, sendo aplicables as demais disposicións legais vixentes.-

b) Notificar dito acordo a citada Asociación para o seu coñecemento e demais efectos.-

B) Unha vez examinado, a Xunta de Goberno Local acorda:

a) Formalizar Convenio de Colaboración co Concello de Cee co motivo de Ensenanzas, baixo as seguintes CLÁUSULAS:

PRIMEIRA

Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito.

O presente Convenio ten por obxecto **plasmar as condicións polas cales levará a cabo a colaboración entre o Concello de Cee e o Concello de Fisterra, para a realización, no termo municipal de Cee, da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU), para os alumnos de Bacharelato dos centros seguintes:**

IES Agra de Raíces, Cee

IES Terra de Soneira, Vimianzo

IES Máximo Romero de Lema, Baio-Zas

IES Fernando Blanco, Cee

Para levar a cabo o obxecto do presente Convenio as partes asinantes comprométense a facerse **cargo dos gastos derivados da realización da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) no Concello de Cee na cuantía que afecte aos veciños do Concello de Fisterra para o exercicio 2019 .-**

SEGUNDA

Obligación e compromisos económicos asumidos polas partes.

O Concello de Fisterra comprométese a achegar ao Concello de Cee a cantidade máxima de **Seiscentos corenta e catro euros con catorce centimos (644,14 €)** para o cumprimento dos fins do convenio.

En orde a facer fronte a este compromiso económico, existe consignación orzamentaria axeitada e suficiente no estado de Gastos do Orzamento deste Concello do exercicio 2019.

O prazo para facer efectivo o pago das cantidades comprometidas será ata o 30 de decembro de 2019.

Consideraranse gastos imputables derivados da execución do convenio, susceptibles de ser financiados polas achegas financeiras das partes, aqueles que sendo correctamente xustificados de conformidade coa normativa en vigor, están pagados á data de liquidación do convenio, son necesarios e responden de maneira indubitada á natureza e ao normal desenvolvemento do obxecto do convenio.

TERCEIRA

Consecuencias por incumprimentos das obrigações e compromisos asumidos polas partes.

O eventual incumprimento dará lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades correspondentes ás actividades pendentes de realizar, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria. O incumprimento das obrigações contidas no presente convenio poderá, así mesmo, dar lugar a unha posible indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, segundo os procedementos establecidos na lexislación vixente.

CUARTA

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control de execución do convenio.

4.1. Para garantir a correcta execución e o seguimento da execución deste Convenio, o Concello de Cee, comprometeu o gasto, dando cumprimento os compromisos adquiridos coa Comisión Interuniversitaria de Galicia e se dará conta en calquer momento a requerimento do Concello de Fisterra da execución do gasto.

4.2. Xustificación das actuación, gastos realizados e compromisos que si inclúen achega financeira:

a) O Concello de Cee, na súa condición de beneficiario, terá a obriga de xustificar os gastos realizados en execución do convenio, mediante a presentación de factura.

b) Indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e repartibles, excepto naqueles casos en que no convenio se haxa previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

c) Una relación detallada, por cada una das partidas que compoñen o estado de ingresos das subvencións, axudas, ingresos ou recursos, no seu caso, que financien a actividade con indicación do importe e a súa procedencia.

QUINTA

Réxime de modificación do convenio.

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes subscritoras, sempre que non supoña un incremento do custo das actividades a desenvolver. A modificación incorporarase como parte inseparable do texto do convenio.

SEXTA

Prazo de vixencia do convenio.

O presente convenio de colaboración é vixente desde o momento da súa firma e terá una vixencia de 1 ano, prorrogables previo acordo escrito das partes.

SÉTIMA

Extinción do convenio.

O presente convenio extingúírase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos até a data en que esta se produza.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por declaración xudicial de nulidade.
- Por calquera outra causa prevista nas leis.

OITAVA

Réxime xurídico e resolución de controversias.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa conforme ao disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As cuestións litigiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, deberán liquidarse, de mutuo acordo, a través dos alcaldes asinantes.

Tentada sen éxito a vía do acordo, competará á Xurisdición Contencioso Administrativa a resolución das cuestións litigiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998 de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

b) Notificar dito acordo o Concello de Cee para o seu coñecemento e demais efectos.-

Por non ter máis asuntos dos que tratar levántase a sesión polo Alcalde-Presidente, ás **21: 00 horas**, do día en curso de todo o que eu como secretario , dou fe.